

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

1270 *Resolución do 29 de xaneiro de 2016, do Consello de Goberno do Banco de España, pola que se aproba a modificación do Regulamento interno do Banco de España, do 28 de marzo de 2000.*

A Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, que entrou en vigor o día 20 de abril de 2015, derogou expresamente a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, cuxa disposición adicional segunda establecía, canto aos altos cargos do Banco de España, que o gobernador, subgobernador e membros do Consello de Goberno do Banco de España, así como o secretario xeral e os directores xerais, se rexerían, no que ao réxime de incompatibilidades se refire, polo establecido na súa normativa específica e que lles sería de aplicación a dita lei no que expresamente se establecese na citada normativa.

De acordo co seu marco regulador, a Lei 3/2015, do 30 de marzo, non inclúe no seu ámbito de aplicación, establecido no seu artigo 1, os altos cargos do Banco de España, aos cales si resulta aplicable a dita lei con carácter supletorio, ao abeiro do disposto na súa disposición adicional primeira, segundo a cal: «Rexeranse pola súa normativa específica os altos cargos do sector público estatal que non estean incluídos no ámbito de aplicación da presente lei. Esta lei terá para eles carácter supletorio no que non se estableza expresamente nesa normativa específica e atendendo á natureza do organismo en que aqueles presten os seus servizos».

Hai que ter presente que a Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, recolle no seu capítulo III, dedicado aos órganos reitores, cal é a regulación aplicable aos seus altos cargos en distintas materias, entre as cales se encontran, entre outras, as referidas ao réxime de incompatibilidades ou ao das limitacións aplicables á súa actividade. Esta regulación complementábase coa establecida na norma de desenvolvemento da dita lei, o Regulamento interno do Banco de España, aprobado por Resolución do 28 de marzo de 2000, do Consello de Goberno do Banco de España, na cal se regulan con maior grao de detalle algúns dos aspectos referidos ao exercicio dos altos cargos desta institución.

Considerando isto, a presente modificación do Regulamento interno do Banco de España pretende introducir na normativa específica que regula o exercicio do alto cargo desta institución algunhas previsións puntuais, a fin de completar ou aclarar, segundo proceda, o réxime propio establecido para este organismo, adaptándoas á natureza do Banco de España e aliñándose cos principios e criterios contidos na Lei 3/2015.

Adicionalmente ao anterior, estímase oportuno aproveitar esta modificación para reflectir no artigo 80 do Regulamento interno, sobre determinación das direccións xerais, un cambio terminolóxico na denominación de dúas delas, resultante de reorganizacións internas acordadas respecto de determinadas áreas do Banco de España.

En vista do exposto, de conformidade co artigo 21.1.f) da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, o Consello de Goberno, na súa sesión do día 29 de xaneiro de 2016, por proposta da súa Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou a seguinte modificación do Regulamento interno do Banco de España.

Artigo único. *Modificación do Regulamento interno do Banco de España.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento interno do Banco de España, aprobado polo seu Consello de Goberno, do 28 de marzo de 2000 (BOE do 6 de abril):

Primeiro. Engádese ao capítulo I unha nova sección 15.^a, que incorpora un novo artigo 34 bis, coa seguinte redacción:

«Sección 15.^a. *Recursos materiais do Banco de España*

Artigo 34 bis. *Normas sobre o uso de recursos materiais.*

1. Os altos cargos do Banco de España xestionarán os medios materiais da institución seguindo os principios de eficiencia e sustentabilidade, en particular, no relativo aos gastos de representación e atencións protocolarias, así como respecto da utilización de vehículos oficiais.

2. A utilización de vehículos oficiais polos que exerzan un alto cargo do Banco de España estará vinculada coas obrigacións de desprazamento derivadas do desempeño das súas funcións.

3. As contías orzadas para gastos de representación e atencións protocolarias só se poderán utilizar para sufragar actos desta natureza no desempeño das funcións dos altos cargos do Banco de España, tanto en territorio nacional como no estranxeiro, sempre que os gastos redunden en beneficio ou utilidade do Banco de España, estean debidamente xustificadas e se demostre a súa necesidade para o desempeño das funcións inherentes ao exercicio do alto cargo. Non poderá aboarse con cargo a eles ningún tipo de retribución, en metálico ou en especie, para os altos cargos do Banco de España.

4. A Comisión Executiva poderá autorizar o uso de cartóns de crédito como medio de pagamento dos gastos de viaxe realizados por altos cargos do Banco de España no desenvolvemento das súas funcións e establecerá o procedemento para a súa xustificación e os límites correspondentes. Así mesmo, poderá determinar os supostos en que ocasionalmente poderán ser utilizados como medio de pagamento de gastos de representación, de acordo co disposto no número 3 anterior.»

Segundo. Modifícase a redacción do número 2.d) do artigo 41, que en diante quedará redactado como segue:

«d) Respetar o réxime de incompatibilidades e de limitacións que sobre o seu cargo estableceu a Lei de autonomía do Banco de España, nos seus artigos 26 e 28.

O Gobernador evitará a realización de calquera actividade que poida suporlle menoscabo da súa independencia e imparcialidade, así como incorrer en conflitos de intereses ou utilizar indebidamente información privilexiada.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 28.1 da Lei de autonomía do Banco de España, o gobernador estará suxeito á obrigación de encomendar contractualmente a unha entidade financeira rexistrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores a administración de valores ou activos financeiros negociables de que sexa titular el ou o seu cónxuxe non separado e fillos dependentes. Non obstante, esta obrigación non resultará de aplicación cando os valores ou activos financeiros de que sexa titular o gobernador sexan participacións en institucións de investimento colectivo nas cales non teña unha posición maioritaria ou cando, tratándose de valores de entidades distintas, non realice ningún acto de disposición por iniciativa propia e tan só se limite a percibir os dividendos, xuros ou retribucións en especie equivalentes, ou a acudir a ofertas de troco, conversión ou públicas de adquisición.»

Terceiro. Dáse nova redacción ao número 2.d) do artigo 49, que queda redactado como segue:

«d) Respetar o réxime de incompatibilidades e de limitacións que sobre o seu cargo estableceu a Lei 13/1994, de autonomía do Banco de España, nos seus artigos 26 e 28.

O subgobernador evitará a realización de calquera actividade que poida supor menoscabo da súa independencia e imparcialidade, así como incorrer en conflitos de intereses ou utilizar indebidamente información privilexiada.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 28.1 da Lei de autonomía do Banco de España, o subgobernador estará suxeito á obrigaición de encomendar contractualmente a unha entidade financeira rexistrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores a administración de valores ou activos financeiros negociables de que sexa titular el ou o seu cónxuxe non separado e fillos dependentes. Non obstante, esta obrigaición non resultará de aplicación cando os valores ou activos financeiros de que sexa titular o subgobernador sexan participacións en institucións de investimento colectivo nas cales non teña unha posición maioritaria ou cando, tratándose de valores de entidades distintas, non realice ningún acto de disposición por iniciativa propia e tan só se limite a percibir os dividendos, xuros ou retribucións en especie equivalentes, ou a acudir a ofertas de troco, conversión ou públicas de adquisición.»

Cuarto. Engádesse un novo artigo 57 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 57 bis. *Estatuto dos conselleiros despois do cesamento.*

1. Ao cesaren no cargo, e durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os conselleiros non natos non poderán prestar servizos en entidades privadas que resultasen afectadas por decisións do Consello de Goberno nas cales aqueles interviñesen co seu voto. No caso dos conselleiros que fosen membros da Comisión Executiva, a prohibición estenderase á prestación de servizos en calquera entidade privada suxeita á regulación ou supervisión do Banco de España, incluíndo aquelas entidades españolas comprendidas no ámbito do mecanismo único de supervisión.

2. Durante ese período, os conselleiros cesados terán dereito a percibir unha compensación económica mensual igual ao 80 por 100 do total das retribucións asignadas ao seu cargo durante o período indicado.

Non procederá a percepción da anterior compensación en caso de que o cesamento se producise en virtude de separación acordada polo Goberno ou cando o interesado desempeñe, de forma remunerada, calquera outro posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado, ou sexa beneficiario dunha pensión pública de xubilación, caso en que deberá deixar de percibir a compensación no mesmo mes en que reciba a retribución incompatible.»

Quinto. Modifícase a redacción do artigo 58, que en diante quedará redactado como segue:

«Artigo 58. *Dereitos económicos e obrigaicións dos conselleiros.*

1. Os conselleiros percibirán as retribucións e emolumentos fixados polo ministro de Economía e Competitividade, por proposta do Consello de Goberno do Banco. As Cortes Xerais serán informadas sobre este réxime retributivo. Serán a cargo do Banco de España os gastos en que incorran no exercicio das súas funcións.

2. Os conselleiros deberán respectar o réxime de incompatibilidades e de limitacións que sobre o seu cargo establece a Lei de autonomía do Banco de España, nos seus artigos 26 e 28.

De acordo co previsto no artigo 28.1 da Lei de autonomía do Banco de España, os conselleiros estarán suxeitos á obrigaón de encomendar contractualmente a unha entidade financeira rexistrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores a administración de valores ou activos financeiros negociables de que sexan titulares eles ou os seus cónxuxes non separados e fillos dependentes. Non obstante, esta obrigaón non resultará de aplicación cando os valores ou activos financeiros de que sexa titular o conselleiro sexan participacións en institucións de investimento colectivo nas cales non teña unha posición maioritaria ou cando, tratándose de valores de entidades distintas, non realice ningún acto de disposición por iniciativa propia e tan só se limite a percibir os dividendos, xuros ou retribucións en especie equivalentes, ou a acudir a ofertas de troco, conversión ou públicas de adquisición.»

Sexto. Modifícase a redacción do número 1 do artigo 70, que en diante quedará redactado como segue:

«1. Os directores xerais serán nomeados pola Comisión Executiva, por proposta do gobernador, entre persoas idóneas, entendendo por tales as que contén coa debida formación e experiencia na materia, en función da dirección xeral que vaian ocupar, e nas cales concorran os requisitos de honorabilidade establecidos no artigo 2.2 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado. O Consello de Goberno deberá ratificar o nomeamento.»

Sétimo. Renumérase o número 2 do artigo 70 como número 3 e engádese a seguinte redacción para o número 2:

«2. Os directores xerais deberán subscribir unha declaración responsable en que manifestarán, baixo a súa responsabilidade, a veracidade dos distintos datos referentes aos seus coñecementos e experiencia, así como dos relacionados coa súa honorabilidade, a fin de demostrar que reúnen os correspondentes requisitos de idoneidade para seren nomeados director xeral, e comprometeranse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo que ocupen o posto e a actualizar calquera modificación relevante que se produza en tales datos.

Esta declaración responsable, formalizada de acordo co modelo vixente en cada momento, será dirixida ao secretario xeral e custodiada pola área que desempeñe as funcións de cumprimento interno dentro da institución; unha copia da declaración será remitida á Oficina de Conflitos de Intereses.»

Octavo. Engádese unha nova alínea e) ao número 1 do artigo 71 coa seguinte redacción:

«e) Respectar o réxime de limitacións que sobre o seu cargo establece a Lei de autonomía do Banco de España, no seu artigo 28, por remisión do artigo 30 da mesma lei.

De acordo co previsto no artigo 28.1 da Lei de autonomía do Banco de España, estarán suxeitos á obrigaón de encomendar contractualmente a unha entidade financeira rexistrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores a administración de valores ou activos financeiros negociables de que sexan titulares eles ou os seus cónxuxes non separados e fillos dependentes. Non obstante, esta obrigaón non resultará de aplicación cando os valores ou activos financeiros de que sexa titular o director xeral sexan participacións en institucións de investimento colectivo nas cales non teña unha posición maioritaria ou cando, tratándose de valores de entidades distintas, non realice ningún acto de disposición por iniciativa propia e tan só se limite a percibir os dividendos, xuros ou retribucións en especie equivalentes, ou a acudir a ofertas de troco, conversión ou públicas de adquisición.»

Noveno. Engádese unha nova alínea e) ao número 2 do artigo 71, redactada como segue:

«e) Os directores xerais e cargos de superior categoría que no momento do seu nomeamento non sexan empregados do Banco de España terán dereito durante o seu mandato ao réxime de protección social aplicable a estes últimos, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos aos funcionarios de carreira na Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado».

Décimo. Modifícase a redacción do número 3 do artigo 74 bis, que en diante quedará redactado como segue:

«3. Durante o prazo de incompatibilidade determinado segundo o número 2 anterior, os directores xerais terán dereito a percibir unha compensación económica mensual equivalente ao 80 por 100 dos ingresos totais correspondentes ao dito período.

Non procederá a percepción da anterior compensación en caso de que o interesado pase ao nivel 1 do grupo directivo conforme o previsto no artigo 71.2.c), desempeñe de forma remunerada calquera outro posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado, ou sexa beneficiario dunha pensión pública de xubilación, caso en que deixará de percibir a compensación no mesmo mes en que reciba a retribución incompatible.

A renuncia á compensación non eximirá das limitacións establecidas nos números 1 e 2 deste artigo».

Décimo primeiro. Modifícase a redacción do número 1 do artigo 80, que en diante quedará redactado como segue:

«1. As direccións xerais do Banco de España son:

Dirección Xeral de Operacións, Mercados e Sistemas de Pagamento.
Dirección Xeral de Estabilidade Financeira e Resolución.
Dirección Xeral de Economía e Estatística.
Dirección Xeral de Servizos.
Dirección Xeral de Supervisión.»

Décimo segundo. Engádese unha nova disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta.

Aplicación supletoria da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado.

De conformidade co previsto na disposición adicional primeira da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, os altos cargos do Banco de España rexeranse, no que ao exercicio de tales cargos se refire, pola súa normativa específica, constituída polas disposicións ditadas sobre a materia que se recollen na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, e no presente regulamento interno, tendo a Lei 3/2015, do 30 de marzo, carácter supletorio no que non se estableza expresamente na dita normativa específica.»

Disposición derradeira única.

A presente disposición entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xaneiro de 2016.–O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.